



Vigo, 31/5/01

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA OMA NO CURSO 2000-2001

Medio natural

- Transplante de 216 árbores autóctonas afectadas pola construción do vial norte, estacionamentos, edificio de Minas, rectorado, zonas de acopio de terras, e proxecto cidade universitaria.
- Labores de mantemento das parcelas ocupadas polas árbores transplantadas o ano pasado.
- Elaboración e presentación do proxecto "Os bosques da Universidade" da Parcela Central. Área afectada: 47.000 m². Valoración: 31.853.360 ptas.
- Elaboración e presentación do Anteprojecto do Plan de Revexetación do campus Lagoas-Marcosende. Área afectada: 368.438 m². Valoración: 177.822.038 ptas.
- Redacción do Prego de Prescricións Técnicas para o subministro de árbores e arbustos no campus Lagoas-Marcosende. Total árbores e arbustos: 8.982. Valoración: 155.308.675 ptas.
- Vixilancia e seguimento ambiental das obras que se están realizando no campus Lagoas-Marcosende, en conxunto coa Unidade Técnica; entre outras:
 - delimitación de zonas de acopio e supervisión do cumprimento dos límites marcados,
 - supervisión da prohibición de queimar lixo nas obras,
 - sinalización das árbores que deben ser respectadas polas obras,
 - protección de zonas de interese ecolóxico e arqueolóxico,
 - reserva de 20.000 m³ terra vexetal para empregar na restauración dos solos do campus,
 - protección do acuífero das mámoas.
- Modificación de proxectos constructivos no campus Lagoas-Marcosende para diminuí-lo seu impacto ambiental negativo:
 - axardinamento do proxecto cidade universitaria,
 - cuberta vexetal e equipamento dos estacionamentos,
 - lagoa do CUVI: modificacións para garanti-la conservación de anfibios e vexetación acuática.

- Protección dunha areeira abandonada do campus de Ourense: elaboración de informes sobre o seu interese natural e celebración dun acto conmemorativo do Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño). Para eses días organizouse unha limpeza de entullo e lixo da areeira.
- Recompilación da información sobre xacementos arqueolóxicos existentes no campus Lagoas-Marcosende e arredores. Contacto con arqueólogos con vistas a realizar traballos de mellora neste eido.
- Remate da primeira fase das obras de creación dunha lagoa seminatural por baixo da F. de Ciencias. Primeiras obras da segunda fase: reforzo da pista e construción dunha escolleira de pedra nunha das beiras.
- Entrega ó Ministerio de Medio Ambiente do proxecto "*Desarrollo de una estrategia de ordenación ambiental para la cuenca alta del río Zamáns: los montes en mano común y el campus universitario en un entorno periurbano*" para a obtención de axuda financeira con cargo ós fondos LIFE-Medio Ambiente (convocatoria do 2000). Valoración: 113.987.388 ptas.
- Solicitud dunha axuda de educación ambiental á Consellería de Medio Ambiente para efectuar unha exposición sobre o Plan de Revexetación do campus Lagoas-Marcosende. Data: 16/5/01. Valoración: 778.000 ptas.

Recursos e residuos

- Contratación dunha empresa para a recollida semestral de residuos perigosos no ano 2001.
- Coordinación e supervisión da recollida de residuos perigosos efectuada en febreiro de 2001.
- Subministro continuado de recipientes certificados para residuos perigosos ós laboratorios.
- Visita á Facultade de Belas Artes de Pontevedra para verifica-las melloras efectuadas no Taller de Estampación e planifica-las modificacións que aínda quedan por resolver en canto á manipulación de sustancias químicas.
- Instalación dunha cabina certificada (2,3 x 1,2 x 1,9 m) para o almacenamento de residuos perigosos na Facultade de Ciencias de Ourense.
- Experiencia piloto de recollida de papel usado mediante 30 colectores repartidos no interior do Edificio de Deportes, Escola de Enxeñeiros Industriais, edificio CACTI en Vigo; e Facultade de Ciencias de Ourense.
- Experiencia piloto de recollida de fluorescentes (catalogados como residuos perigosos) mediante a instalación de 3 colectores na Escola de Telecomunicacións, F. de Ciencias e F. de Filoloxía e Traducción.
- Recollida de residuos ofimáticos, papel e plástico do almacén da Escola de Telecomunicacións.

- Xestións para a instalación de 7 colectores de roupa usada (5 no campus Lagoas-Marcosende e 2 en Pontevedra) por parte da asociación Humana.
- Atención das denuncias de situacións irregulares relacionadas coa xestión de residuos perigosos.
- Inscripción no rexistro de operadores de substancias químicas catalogadas (11/1/01) e xestións para a obtención da alta de actividade con ditas substancias.
- Elaboración dun estudo sobre o uso do papel e a súa xestión como residuo na Universidade de Vigo.
- Redacción dun anteproxecto para a construción dun almacén de residuos perigosos no campus Lagoas-Marcosende. Negociación e busca de alternativas para resolver a problemática do almacenamento destes residuos.

Investigación

- Avaliación das solicitudes de axudas da convocatoria de proxectos de investigación da OMA. Das 12 solicitudes presentadas, informáronse favorablemente 6, que suman un importe total de 4.968.000 ptas.

Organización interna e convocatorias

- Redacción e tramitación dun acordo marco de colaboración entre a Universidade e a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- Redacción das convocatorias de bolsas para cinco monitores e un coordinador no Vigozoo.
- Coordinación e supervisión do traballo das cinco voluntarias asignadas a OMA dende marzo de 2001. Ate o momento desenvolveron as seguintes tarefas: seguimento da recollida de residuos sólidos urbanos, seguimento do estado das árbores transplantadas e seguimento do cumprimento das prescricións dos contratos dos servizos de reprografía.
- Celebración de dúas reunións do Consello da OMA (3/11/00 e 10/5/01). Elaboración das actas.
- Envío de información sobre a OMA para a Guía do estudante 2001 e Libro Azul da universidade.

Información

- Actualización da páxina web da OMA. A web está formada por 66 páxinas e o número de visitas recibidas ate o momento foi:

Inicio	1.753
Presentación	455
Novas	1.169
Resto de páxinas	2.569
Total	5.946

- Atención a comunidade universitaria sobre cuestións ambientais. Información a través do correo electrónico das novas da OMA.
- O número de noticias editadas na prensa con relación á OMA foi: 4 no ano 2000 e 11 no ano 2001
- Concedéronse entrevistas ós seguintes medios: TeleVigo, Televisión de Galicia, Faro de Vigo e Atlántico Diario.

Ignacio Munilla Rumbao
Director da Oficina de Medio Ambiente